

CURSO 2022-2023
CONVOCADAS AXUDAS PARA:
PARTICIPAR NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS
ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO
MATERIAL ESCOLAR

CONVOCATORIA: Orde do 29 de abril de 2022 (DOG núm. 95 do 18/05/2022)

SOLICITUDES: No enderezo <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>; na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> ou na Secretaría do centro. (código de procedemento ED330B)

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Ata o 22 de xuño (incluído). Para a súa presentación telemática poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365. A presentación presencial realizarase na SECRETARÍA DO CENTRO

AXUDA	BENEFICIARIOS	RENDI PER CAPITA	EXISTENCIA
FONDO SOLIDARIO LIBROS	3º, 4º DE ED. PRIMARIA	=ou <6.000 € >6.000 € = ou <10.000 € >10.000 €	6 LIBROS 4 LIBROS Segundo existencias
	En garda ou tutela da Xunta ou DISCAPACIDADE = ou > 65%	-----	6 LIBROS
AXUDA LIBROS DE TEXTO	1º E 2º DE ED. PRIMARIA	= ou < 6.000 € >6.000 € = ou <10.000 €	210 € 140 €
	Ed. Especial ou Discapacidade =ou >65%	-----	275 €
	En garda o tutela da Xunta	-----	210 €
	Con NEAE (3º, 4º, 5º e 6º EP)	= ou <6.000 € >6.000 € = ou <10.000 €	210 € 140€
AXUDAS MATERIAL ESCOLAR	DE 1º A 6º DE ED. PRIMARIA	= ou <6.000 €	50 €
	En garda o tutela da Xunta, Ed. Especial ou Discapacidade =ou >65%	-----	50 €

DOCUMENTACIÓN A APORTAR (Fotocopia e orixinal para cotexar):

- Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
- Copia do Libro de Familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
 - Certificado de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia (incluído o alumnado cunha discapacidade =>65%) recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero
- Resolución xudicial de incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada
- Alumnado en situación de garda o tutela da Xunta: copia da resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento ou do certificado do centro de menores.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais, se o pai, nai e/ou titor/titora carecen de DNI e NIE.

COMPROBACIÓN AUTOMÁTICA DE DATOS (salvo que se opoñan. Neste caso achegarán os respectivos documentos):

- DNI ou NIE da persoa solicitante ou do seu representante, así como do resto de membros computables da unidade familiar.
- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta.
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a discapacidade = ou > 33%) do solicitante e/ou restantes membros da unidade familiar.
- Para a declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, a falta deste, o certificado de imputacións de renda do exercicio 2020 será necesario o consentimento expreso. No caso de non autorizar a consulta deberán achegar os documentos xustificativos.

PRAZOS:

- **FONDO LIBROS:**

- LISTAXES PROVISIONAIS 4 DE XULLO
(As persoas interesadas poderán reclamar nos 2 días seguintes á publicación do listaxe provisional)
- LISTAXES DEFINITIVAS 8 DE XULLO

- RECOLLIDA DE VALES

A partires do 12 de xullo e durante todo o mes en horario de 12 a 14 horas.

OBRIGAS:

- DEVOLVER OS LIBROS DE TEXTO E O MATERIAL REUTILIZABLE ADQUIRIDO COAS AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO OU RECIBIDO DO FONDO SOLIDARIO NO CURSO 2021/2022 (Os de 1º E 2º DE EP, de EE, con DISCAPACIDADE = ou >65% ou NEAE só cando se poida reutilizar)
A FALTA DE DEVOLUCIÓN SERÁ CAUSA DE EXCLUSIÓN NAS NOVAS AXUDAS SOLICITADAS NO CURSO 2021/2022.
- CONSERVAR EN BO ESTADO OS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL REUTILIZABLE RECIBIDOS OU ADQUIRIDOS NO CURSO 2022/2023.
- DESTINAR O IMPORTE DOS VALES A FINALIDADE PARA A QUE FORON ADXUDICADOS.
- RESPECTAR AS OBRIGAS ESTABLECIDAS NO ART. 11 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA

CÁLCULO DA RENDA PER CAPITA: EXERCICIO FISCAL 2020

Sumarase a base impositiva xeral (recadro 435) e a base impositiva do aforro (recadro 460) das declaracións de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos E O TOTAL DIVÍDESE ENTRE O NÚMERO DE MEMBROS COMPUTABLES.

O horario para entregar documentación no centro é de luns a venres de 11:30 a 12:00 horas durante o mes de maio, e de 11:50 a 12:20 horas no mes de xuño.